

Expediente: 2018003185

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 14/12/2018 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolución de data 23/02/2018 apróbanse as bases reguladoras da convocatoria para a selección de persoal funcionario interino, responsable administrativo/a e de comunicación para o desenvolvemento do programa “Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado “Ría de Ferrol 2020” .

Rematado o proceso selectivo o Tribunal cualificador achega ao Negociado de Recursos Humanos con data 12/12/2018 a proposta de nomeamento a favor de dona Miriam Cabarcos Fernández.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local establece no seu artigo 21.1 que corresponde ao alcalde acordar o nomeamento de todo o persoal da Corporación.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no seu artigo 23.2.c o seguinte:

“2. Para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

c) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliables ata doce meses máis de o xustifican a duración do correspondente programa.”

Polo exposto proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar o nomeamento como funcionaria interina por programas, grupo clasificatorio C1, de dona Miriam Cabarcos Fernández para o posto de Responsable administrativa e de Comunicación, de conformidade co establecido nas bases que rexeron a convocatoria.

Segundo.- Acordar que se estableza unha listaxe para os demais aspirantes, segundo a orde de prelación de puntuacións totais, para casos de renuncia, ausencia e outras situacións.

Non obstante vostede resolverá.”

Examinada a documentación que o acompaña e, así mesmo, o informe de Intervención

DECRETO.- Vista a anterior proposta apróboala nos seus propios termos.

Ferrol,
O alcalde

Dou fe,
O secretario xeral

Una manera de hacer Europa

Fondo Europeo de Desarrollo Regional